



SHOTCUT

Abrimos o SHOTCUT, e poñémoslle un nome ao noso proxecto.




1. Dámoslle a **ARQUIVO - ABRIR ARCHIVO**, e importamos todos os nosos vídeos ou fotos, que irán para a lista de reproducción.
2. O que facemos nun programa de edición é seleccionar a parte de vídeo que queremos para o noso vídeo final. Enton imos á **lista de reproducción**.




3. Collemos o primeiro vídeo que queremos empregar dándolle dobre clic, e coas flechiñas brancas dicémoslle dende onde ata onde queremos aproveitar o noso vídeo.
4. Agarramos o vídeo da pantalla e arrastrámolo ata a liña de tempo e xa nos queda colocado.
5. Na liña de tempo podemos engadir todas as pistas de vídeo e de audio que queiramos. **O vídeo o que quede por arriba será o que se vexa.** Por exemplo se queremos poñer un vídeo, e logo poñer un título, o título tería que estar por arriba. Non pasa así co audio, podemos poñer varios audios e escóitanse todos indiferentemente da súa

posición.


6. Para engadir pistas de audio ou vídeo prememos nas tres raías marcadas na foto seguinte e clicamos en Engadir Pista de Audio/Vídeo.




7. Se queremos engadir pistas de vídeo e modificarlle o tamaño e a posición, poñémoslle o filtro chamado "tamaño e posición". Unha vez engadido o efecto, podemos cambiar o tamaño e a posición manualmente sobre a pantalla, ou mecánicamente cambiando os números no control de filtro.



8. Se queremos empregar máis vídeos, realizamos o mesmo proceso. Para que non queden espazos negros entre os nosos fragmentos de vídeo é moi recomendable activar o imán. Este imán que temos aquí axúdanos a solapar os clips, está ben telo activado, porque así colócalo automaticamente xusto ao lado.



9. Cada clip ten a súa información se imos a propiedades. Dende aí podemos facer que o vídeo decelere ou acelere. Dámoslle velocidade x3 se queremos acelerar. Se por exemplo só lle queremos aplicar o cambio de velocidade a unha parte do clip, dámoslle a coitela e cortamos. E así cambiamos as opcións de cada parte so se aplicarán ao fragmento en cuestión.




10. O programa é moi intuitivo, se achegamos o rato ás beiras do clip podemos alongar ou acortar facilmente.
11. Cada pouco tempo é importante darlle a gardar, porque as veces a informática falla. E podemos perder toodo o noso traballo.


EFFECTOS E TRANSICIÓNS

Todos os cambios que lle queiramos facer ao vídeo ou audio fanse dende a carpeta de filtros.

1. Dentro da carpeta de filtros temos **dous tipos de filtro**. De imaxe e de son. Os que teñen asterisco son os máis empregados do programa.
2. Para quitarlle o son aos audios, ou lle damos a **mute** a toda a pista, co cal todos os videos quedarían sen audio, ou poñemos o **filtro SIN SONIDO** aos videos que queiramos
3. Que filtros nos son máis útiles? **BRILLO**, se o planos nos quedou escuro podemos subírllo, dámoslle máis ou menos, ou quitámoslle dando a flechiña.



4. Podemos probar os diferentes filtros. Corrección de color, espejo, que le da la vuelta al plano.
5. También podemos poner transiciones entre los cachijos de vídeo: ponemos el cursor donde remata el cachijo e tiramos para el lado del otro vídeo creándose una transición entre los dos vídeos del tamaño que nosotros queramos.



6. También podemos poner un fundido a negro dándole arriba de todo del final del vídeo e

estirando ata o tempo que queiramos.

7. Pódese facer o mesmo co son.

TÍTULOS

Os títulos sempre van asociados a un vídeo

1. Imos a efectos e dámoslle a **texto**.
2. Aí podemos modifical, cor, letra, bordes...etc.
3. Se queremos que o texto so estea presente nun cacho do clip, temos que cortar os puntos do vídeo nos que non queiramos o texto, e borrar o efecto de texto de aí.
4. Se o contrario, queremos que dure máis de un clip, copiamos e pegamos o efecto nos clips que queiramos
5. Se queremos reducir o texto, ou ben collemos as esquinas do cadrado e reducímolo, ou cambiamos o tamaño da letra.
6. Se queremos que o noso texto se mova, clicamos no reloxiño sinalado na foto, e dicímoslle unha posición de inicio (se queremos que saia dende fora) onde queremos que se coloque no inicio, para movelo temos que darlle ao circulito do medio. E ao reloxiño cronómetro. Logo colocámonos na linea de tempo onde queremos que remate o movemento e listo.




SONIDO

1. Se queremos subir ou baixar o sonido tamén lle damos en efectos a **volum**e e subimos e baixamos.
2. Temos un medidor de picos de audio, cando chega a vermello OLLO! que quere dicir

que satura, nunca debería chegar a vermello, iso quererá dicir que o audio está roto.

EXPORTAR:

Moi sinxelo: Prememos en **Exportar** e eliximos o formato chamado “youtube”, así asegurámonos que esté nun formato universal, que é o que emprega youtube: mp4. (Isto non quere dicir que o noso vídeo se colgue en youtube, podedes estar tranquilas!)




INSHOT


O inshot é un programa moi moi fácil de empregar, iso si, so o recomendo se queredes traballar con unha soa pista de vídeo, se non complícase polo feito de estalo facendo nunha pantalla pequena. Pero é unha aplicación moi visual que seguro que conecta moi ben co alumnado.

- Descargamos a aplicación InShot (para facelo temos que ir a PlayStore en Android ou AppStore en Iphone)
- Abrímola e dámoslle a crear novo vídeo e seleccionamos na nosa galería o vídeo que


queremos editar.




2. Podemos recortar o noso vídeo dándolle a recortar e axustando as marxes brancas ao noso gusto:




3. Tamén podemos poñer o título que nos apeteza en TEXTO:




4. Temos a opción de poñerlle un filtro ao noso vídeo, por exemplo o branco e negro:



5. Tamén se poden engadir pegatinas e emoticonos que poden facer o noso vídeo máis divertido:




6. Isto paréceme o máis interesante: Pódense engadir efectos de son como aplausos, portas pechándose. Ten unha biblioteca de sonidos moi fácil de empregar e moi completa.



7. Clicando en música temos tres opcións, todas compatibles:

1. Importar unha canción que teñamos no móbil. Podemos ter música facilmente no móbil se nola enviamos por correo, por exemplo, e logo descargámola co móbil.
2. Poñendo efectos que nos ofrece o programa.
3. Gravación: Esta opción permítenos gravar un audio sobre o noso vídeo, por exemplo a voz en off, ou unha canción que queiramos poñer dende outro dispositivo e non sexamos quen de descargar co noso móbil.



Para exportar o noso vídeo prememos na icona sinalada e dámoslle a gardar, directamente gárdanolo na galería do noso móbil:

